Partidos: árbitro, cambios e actas

Área do club · Plataforma da Federación Galega de Tenis de Mesa

Que vas aprender

- Solicitar un árbitro oficial para un partido.
- Solicitar un cambio de data, hora ou lugar dun partido.
- Rexistrar a acta dun partido que xogastes na casa.
- Ver e descargar a acta dun partido en PDF.

Todo se fai desde a lapela **Ligas** do área do club. Entra antes coa conta do club (botón *Acceder*).

1 Abre a lapela «Ligas»

No área do club preme 1 **Ligas**.



2 Escolle o grupo

Aparece unha tarxeta por cada grupo no que xoga un equipo do club. Preme 2 a tarxeta do grupo.



3 Localiza o partido en «Xornadas»

Baixa ata **Xornadas** e usa as frechas ‹ › para cambiar de xornada. Cada partido do teu equipo ten estes botóns (pasa o rato por enriba para ver o nome):
1 **Solicitar cambio** de data, hora ou lugar · 2 **Solicitar árbitro oficial** · 3 **Acta en branco** (PDF para imprimir, xa cos datos do partido) · 4 **Rexistrar acta**.



A. Solicitar un árbitro oficial

4 Preme «Solicitar árbitro oficial»

Preme o botón 2 do partido. Na xanela verás o prezo da arbitraxe e o prazo para pedilo.

Preme A **Solicitar árbitro**.

5 Solicitude enviada

O partido amosa a etiqueta **ÁRBITRO SOLICITADO**. Cando o Comité designe o árbitro, aparecerá o seu nome.

Mentres non haxa árbitro designado, podes retirar a solicitude co mesmo botón.



Pódese solicitar ata **7 días antes** do partido. O árbitro rexistra a acta, e a arbitraxe factúraselle ao club que a solicitou. Se queredes árbitro en toda a tempada, pedídeo na inscrición do equipo (lapela **Equipos**, apartado «Árbitro oficial»).

B. Solicitar un cambio de data, hora ou lugar

6 Abre «Solicitar cambio»

Preme o botón 1 do partido (paso 3). Na xanela:
A Escolle que queredes cambiar: **Data e hora**, **Lugar** ou **Ambas**.
B Indica a nova data e hora e/ou o novo lugar de xogo.
C Escribe o motivo.
D Marca a declaración de conformidade.
E Preme **Enviar solicitude**.



7 Solicitude enviada

O partido amosa a etiqueta **CAMBIO SOLICITADO**. Co mesmo botón podes ver a solicitude ou retirala mentres non estea resolta.



8 O club rival recibe a solicitude

O outro club ve no partido a etiqueta **CAMBIO SOLICITADO POLO RIVAL** e un aviso vermello na lapela Ligas. Preme o botón 1 para respondela.



9 O rival acepta ou rexeita

Revisa o cambio pedido e preme 2 **Aceptar cambio** ou **Rexeitar cambio**. Pode engadir observacións.

Despois da conformidade do rival, **a FGTM aproba ou denega** o cambio e, se o aproba, a data, a hora ou o lugar do partido actualízanse. Pódese solicitar ata 30 días da data oficial e nunca dentro das **48 h previas**. Tarifa xeral: 15 € ao club que o pide; sen cargo se é o primeiro cambio e se pide con máis dunha semana de antelación, ou se só cambia a hora no mesmo día.

C. Rexistrar a acta dun partido

10 Preme «Rexistrar acta»

O botón 4 actívase cando chegan a data e a hora do partido. Só o rexistra o **equipo local**, e se hai árbitro oficial, rexístraa o árbitro.



11 Indica quen xoga A/B/C

Marca 1 **Xoga as posicións A/B/C** no equipo que xoga nesas posicións. O outro xoga X/Y/Z.

O delegado xa vén cuberto, e podes cambialo.



12 Cubre o aliñamento

En cada posición 2 preme a caixa e escolle o xogador da lista (ou escribe o seu nome ou nº de licenza).



13 Anota os resultados dos sets

Escribe os puntos de cada set. O resultado de cada xogo e o resultado final calcúlanse sós.



14 Garda a acta

Ao final hai espazo para sancións ou incidencias e para marcar se a acta está protestada. Preme 3 **Gardar acta**.



> Despois de gardala, o club pode corrixila durante **24 horas** (botón ✎ ao ver a acta).

D. Ver e descargar unha acta

15 Preme «Ver acta»

Nos partidos xa xogados, preme o botón 1 **Ver acta**.



16 Descarga o PDF

Na acta preme 2 **Descargar a acta no modelo oficial (PDF)**, arriba á dereita.